

INTRODUCCIÓN

A idea que se concretiza neste primeiro número da revista "Cátedra. Revista Eumesa de estudos" vense xestando dende anos atrás no entorno do arquivo e biblioteca municipal. O emprazamento desta, no edificio que fora Cátedra de Latinidade, inspirounos o seu nome. Coidamos oportuno chamala así pola devandita circunstancia, e porque conectaba ben co obxectivo que a revista persegue: ser unha tribuna dende a que, con rigor e obxectividade, contribuír ó coñecemento da nosa historia e ó do entorno que nos rodea.

Nace entón, coa pretensión de ser unha revista que canalice a investigación local, vindo a aumenta-la nómina, certamente non numerosa, das publicacións periódicas que vencelladas ós diversos centros e institucións públicas constitúen o primeiro elo da síntese histórica e do coñecemento xeral.

Neste caso, o vencello á biblioteca municipal e, en concreto á sección local, debe servir para incentiva-la colaboración e asegura-la máis ampla participación dende tódolos ámbitos posibles.

Pero se o ámbito xeográfico que pretende abranguer é o local, en sentido amplo, o vertebrado polo río Eume, non debemos pechala porta ós traballos de investigación que rebasen este marco, ben por tratarse de temas referentes os concellos limítrofes; ben excepcionalmente, cando as circunstancias o permitan, a ámbitos máis distantes e amplos.

O formato da revista é o que se perfila neste primeiro número. Pero tampouco, neste caso, debemos establecer rixidas faixas e si recoller novas suxerencias e aportacións de todas aquelas iniciativas culturais encamiñadas a relebrar determinadas efemérides de interese para a comunidade. Neste senso, a Revista Cátedra esta aberta á posibilidade de publicar números monográficos que respondan á devandita necesidade.

Pretendemos que Cátedra teña unha periodicidade anual e unha prolongada vida. Sabemos o aventuradas que poden resultar estas pretensións e os obstáculos de todo tipo que deberán ser salvados. Sen embargo un dos factores máis importantes na súa continuidade, o económico, está en grande medida solucionado, gracias o compromiso adquirido polo Concello para coa revista. Este primeiro número tampouco sería posible sen as xenerosas aportacións da Deputación e da Fundación Caixa Galicia. Ás devanditas entidades facemos chegar o máis sinxelo agradecemento desexando e confiando que a súa xenerosidade teña unha merecida continuidade.

Somos conscientes, non obstante, que todo iso dependerá, non tanto da mesma, como das adhesións e ilusións que sexamos capaces de aglutinar.

Consello de redacción